



O CPXG PROPÓN UNHA REGULAMENTACIÓN XERAL DAS PRÁCTICAS NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

A realización de prácticas nos medios de comunicación por parte dos alumnos da licenciatura de Xornalismo constitúe un complemento imprescindible da formación académica. Nembargantes, a experiencia dos últimos anos, tanto no que se refire á realización de prácticas como á presenza de bolseiros nas empresas, ten demostrado a existencia de eivas ante as que a o Colexio de Xornalistas non pode permanecer indiferente. Os medios de comunicación están a usar estas dúas modalidades formativas non só para garantir a man de obra e os seus ciclos productivos cando o persoal de plantilla está de vacacións senón que, en ocasións, mesmo recurren a estudantes en prácticas e bolseiros para mellorar a súa produtividade estrutural a baixo custo e de xeito indefinido.

Segundo o informe sobre a situación dos xornalistas do ano 2002 elaborado polo CPXG, o 63,3% dos profesionais galegos coñecen casos desta natureza nas súas empresas que, en moitos casos, derivan no subemprego e se prolongan durante anos. Os datos ofrecidos polos propios alumnos, segundo o devandito estudo, amosan a dimensión desta situación: máis horas de traballo das estipuladas, prácticas estruturais sen remunerar, falta de regulamentación dos descansos semanais e, sobre todo, utilización do seu labor para substituír ilegalmente a traballadores de baixa ou de vacacións.

Esta situación aliméntase da existencia dunha man de obra barata produto á súa vez da conveniencia académica da realización de prácticas e da necesidade obxectiva dos novos xornalistas de abrirse paso no mundo profesional. Pero sobre todo é o resultado da inexistencia dunha cobertura legal para o exercicio dunha profesión que segue sen contar coa esixencia dunha licenciatura en xornalismo para o seu exercicio. As empresas non só non achan nos xornalistas unha compoñente fundamental e insubstituíble do proceso informativo, senón que se aproveitan da posibilidade que teñen de contratar a quen lles veña en gana para mellorar as súas contas de resultados a costa dos salarios e basean a disciplina do noso colectivo nos condicionamentos propios de quen vive unha situación laboral de precariedade, con todas as consecuencias que isto ten para o dereito á información e a ética profesional.

É necesario poñerlle coto a esta situación e acadar compromisos entre todas as partes para que as prácticas en xornalismo e os contratos de bolseiros resposten verdadeiramente ós motivos polos que foron creados. Por todo isto,



PROPOSTA DE REGULAMENTACIÓN DAS PRÁCTICAS DOS ESTUDIANTES E BOLSEIROS DE XORNALISMO E COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL

A/PRÁCTICAS DE ESTUDIANTES

1. Período

As prácticas non excederán de catro meses, en período lectivo, durante non máis de catro horas diarias, excluindo as noites, as madrugadas, as fins de semana como norma xeral, os festivos e as vacacións de verán, Nadal e Semana Santa.

2. Número

O límite máximo de estudantes en prácticas na empresa non excederá do 10% da plantilla de cada departamento ou sección dun xornal ou medio audiovisual.

3. Titor

A figura do titor de empresa hai que regulamentala e incentivala para que poida ter unha dedicación eficaz á supervisión e avaliación dos estudantes e bolseiros e para controlar os posibles abusos. Con carácter xeral, procurarase que non coincidan na mesma persoa as funcións de titor e de xefe de departamento ou sección, xa que pode comportar que ós estudantes en prácticas se lles destine a cubrir postos de traballo estruturais. O número de estudantes ou bolseiros por titor non debería exceder de catro, xa que este número garante o seguemento do titor e non lle supón un exceso de traballo.

4. Plan de Formación

As empresas que queiran ofrecer prazas para estudantes en prácticas e que asinen convenios coa Universidade deberán elaborar previamente, para a súa presentación na Facultade, un Plan de Formación no que se especificarán as condicións de traballo e o tipo de traballo que ofrecen para a realización destas prácticas.

5. Producción

Os estudantes non ocuparán postos de traballo estruturais e, polo tanto, os seus traballos non contribuirán á produción informativa do medio, excepto expresa recomendación do titor, e deberán rotar polos diferentes postos de traballo ou especialidades informativas para favorecer a súa formación.



6. Remuneración

Os estudantes recibirán unha remuneración polas súas prácticas no caso de que éstas, que son claramente académicas, contribúan á produción informativa do medio. En todo caso, fixarase algunha dieta de transporte ou comida nos casos específicos, por razóns de desprazamentos ou horarios, que serán acordadas pola Universidade e as empresas. De ningún xeito estas dietas se entenderán como remuneración do traballo.

7. Información ós Comités de Empresa

A empresa comprometerase a informar documentalmente ó Comité de Empresa dos convenios de colaboración que teña suscritos ou que se suscriban coa Universidade en relación coas prácticas. Asemade, comprometerase a que nos devanditos convenios non se supere o límite de 4 horas diarias nun período que non excederá dos catro meses, acordando un límite máximo de estudantes do 10% da plantilla de informativos, programas, departamentos técnicos ou diferentes seccións dos xornais. Ademais, a empresa informará ó Comité de Empresa de calquera modificación que se produza, así como das medidas que debe adoptar a empresa como consecuencia dos citados convenios suscritos, titorías, dietas, definición das prácticas, etc. Tamén se incluírán nos convenios colectivos os puntos básicos desta proposta.

B/BOLSEIROS LICENCIADOS

1. Período

A permanencia dos bolseiros nas empresas terá a extensión acordada na convocatoria das bolsas, pero a dedicación práctica ó traballo non poderá extenderse ós festivos e ás fins de semana. O horario de aplicación ós bolseiros non poderá superar ó fixado no convenio colectivo para os traballadores de plantilla.

2. Número

O límite máximo de bolseiros na empresa non excederá do 10% da plantilla de cada departamento ou sección dun xornal ou medio audiovisual.

3. Plan de Formación

As empresas que queiran ofrecer prazas deberán elaborar un Plan de Formación no que se especificarán as condicións de traballo e o tipo de traballo que ofrecen.



4. Producción

Os bolseiros deberán rotar polos diferentes postos de traballo ou especialidades informativas para favorecer a súa formación.

5. Remuneración

Os estudantes non recibirán ningunha remuneración agás a fixada na convocatoria das bolsas. En todo caso, fixarase algunha dieta de transporte ou comida nos casos específicos, por razóns de desprazamentos ou horarios. De ningún xeito estas dietas se entenderán como remuneración do traballo.

6. Información ós Comités de Empresa

A empresa comprometerase a informar documentalmente ó Comité de Empresa dos convenios de colaboración que teña suscritos ou que se suscriban en relación coa contratación de bolseiros. Asemade, comprometerase a que nos devanditos convenios non se supere o límite máximo de bolseiros do 10% da plantilla de informativos, programas, departamentos técnicos ou diferentes seccións dos xornais. Ademais, a empresa informará ó Comité de Empresa de calquera modificación que se produza, así como das medidas que debe adoptar a empresa como consecuencia dos citados convenios suscritos, titorías, dietas, etc. Tamén se incluírán nos convenios colectivos os puntos básicos desta proposta.